

A REVISTA DA
BIBLIOTECA

ABRACADABRA

| ESPECIAL CONFIT-NAMENTO |

LECTURAS NA CASA...

**PASATEMPOS:
ADIVIÑAS, LABIRINTO..**

RECEITA

GALERÍA DE FOTOS



Deputación
DA CORUÑA


BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL

Estes días, máis que nunca a lectura é un dos mellores entretementos que temos en casa, por iso queremosvos facer chegar esta pequena selección de libros. Podedes consultar o catálogo onde atoparedes estas e outras moitas lecturas máis para toda a familia. <http://deputaciondacoruna.tubiblioweb.com/ebibliodacoruna/>



El libro definitivo contra el aburrimiento / Albert Casasin.

Acabouse o aburrimiento! 100 ideas para que os teus fillos podan gozar como nunca en familia. Este libro reúne os mellores e máis divertidos enigmas, quebracabezas, talleres, xogos e bromas para conseguir que os nenos o pasen en grande. As actividades están dirixidas a nenos de entre 5 e 12 anos. Cada unha inclúe unha pequena ficha na que se explica o tempo que se tarda en facela, o grao de dificultade e a temática.



Soños de mar / X. H. Rivadulla Corcón.

Alex é un neno que estuda sexto de primaria e quere ser poeta. Está namorado de Lola, a súa compañeira de clase, e vai vivir unha inesperada aventura que comeza cando atopa, nun soto da igrexa parroquial de Santa María de Muxía, un pergamiño que contén un poema inacabado firmado

por un descoñecido trovador da Muxía do século XII: Martiño da Grixia. A Lola gustaríalle saber se o trovador acabou o poema algunha vez; e se foi así, como acaba. Alex, para gañar o amor de Lola, seguindo os consellos do seu avó, que está morto pero vén visítalo nos soños, vai intentar descubrir se Martiño da Grixia rematou o poema, e para conseguilo terá que enfrontarse a algún monstro mariño. Unha aventura inspirada pola lírica medieval galega e pola cultura mariñeira.




Orestes perde o sentido! / Rosa Aneiros.

Unha mañá Orestes sae da casa e atopa todo demasiado estraño, coma se o mundo tolebase. De súpeto, ve a súa irmá pequena soa na beirarrúa. Cántalle que conseguiu fuxir do rei Koopa, pero que debe regresar axiña ao castelo onde estivo secuestrada e deixou esquecido o seu osiño. A partir

dese momento, Orestes inicia unha disparatada carreira seguindo o rastro da súa irmá polas rúas dunha cidade estrepitosa, onde vai ter que lidar coas normas de circulación viaria se quere chegar vivo á meta.

Cuentos de la selva / Horacio Quiroga.

Unha selva chea de animais e algún que outro humano onde uns viven situacións emocionantes e ás veces perigosas, sempre contadas con grandes doses de humor. Os lectores máis novos divertiranse lendo por que os flamencos sostéñense sempre sobre unha pata, ou coa tartaruga que salvou a vida dun home cargándoo sobre a súa coiraza. Porque estes Contos da selva son ante todo un canto á natureza e á solidariedade.



Los cuentos que nunca nos contaron / VV.AA.

É o momento de cambiar de conto. Damiselas que se rescatan soas, mulleres que salvan aos seus maridos, raíñas guerreiras e raparigas sabias que resoven enigmas: onde estaban escondidas? Esta recompilación de contos populares de todo o mundo descóbrenos ás heroínas que estabamos a buscar.



Kafka y la muñeca viajera / Jordi Sierra I Fabra.

Un ano antes da súa morte, Franz Kafka viviu unha experiencia moi insólita. Paseando polo parque Steglitz, en Berlín, atopou a unha nena chorando: perdera a súa boneca. Para acougar á pequena, o autor da metamorfose inventouse unha peculiar historia: a boneca non se perdeu, foise de viaxe, e el, convertido en carteiro de bonecas, tiña unha carta que lle levaría ao día seguinte ao parque.

Aquela noite Franz escribiu a primeira das moitas cartas que, durante tres semanas, entregou á nena puntualmente, narrando as peripecias da extraordinaria aventura.





El genio que llevas dentro / Alejandro Busto.

O libro perfecto para que pais e fillos traballen e gocen potenciando as intelixencias múltiples!

Benvidos a Creativitrópolis, o país das intelixencias múltiples! Nel, pais, nais e nenos gozarán de sete reinos habitados, rimas e extraordinarios retos. Unha viaxe fascinante polas


intelixencias múltiples no que todos os membros da familia atoparemos ao xenio que hai dentro de nós.



El efecto Frankenstein / Elia Barceló.

Unha intriga na que conflúen os xéneros de novela policíaca e gótica. Todo comeza cando o mozo Max espértase nunha casa en ruínas; o seu corpo está cruzado por enormes cicatrices que evidencian que foi atendido por un cirurxián, pero el non lembra nada. Nora estuda Medicina na cidade alemá de Ingolstadt e esa mesma noite de Entroido coñece a Max cando ambos salvan a unha nena

de morrer afogada no Danubio. A atracción é inmediata. O problema é que pertencen a épocas distintas.



Penumbra / Daniel Dandesa.


A desaparición de Bryn, unha das sentinelas do muro de entullo que protexe Terra de Sol do escuro reino de Penumbra, pon de manifesto a sombra que ameaza a convivencia entre os cinco territorios de Sol: Desértica, Montaña de Xeo, Cavernas de Sombra, Terra de Sur e Illa Dourada.

Ashlyn, a pequena irmá da sentinela

desaparecida, é quen avisa as cinco terras do perigo e, ademais, quen guía a expedición na procura de Bryn a través das terras áridas de Desértica. Mentres, Penumbra maniféstase na terrorífica sombra que intenta darlles caza.

Prohibido leer a Lewis Carroll / Diego Arboleda – Raúl Sagospe.

Este libro narra a historia de Eugéne Chignon, unha nova institutriz francesa que en 1932 viaxa ata Nova York para coidar dunha nena, Alice, cuxa desatada paixón polo mundo creado por Lewis Carroll provocou que os seus pais prohibíanlle ler os seus libros. A primeira misión de Eugéne será evitar que Alice decátase de que Alice Liddell, a auténtica Alicia que inspirou a Lewis Carroll, agora con oitenta anos, vai visitar a cidade para recibir unha homenaxe.



Ninfa rota / Alfredo Gómez Cerdá.


Mariña descubriu que o seu corazón xa non lle pertence, xa non é dona del. Namorouse de Eugenio, o mozo co que sae, e aos poucos vai descubriendo que tampouco é dona dos seus actos. Por que vai afastándose dos seus amigos? Por que Eugenio impón sempre a súa vontade? A brusca ruptura da relación complicará

aínda máis as cousas. Poderá vivir coa certeza de que o tempo non cura nada, senón que é a perdición de todas as cousas? Poderá atopar o final do seu desasosogo? (Novela gañadora do XVI Premio Anaya de Literatura Infantil)



Os corpos invisibles / Emma Pedreira.

L. C. é unha rapaza de quince anos que traballa desde os oito nunha fábrica téxtil de Londres en plena Revolución Industrial, onde as nenas escravas son parte da produción en cadea. A vida de L. C. dá un xiro cando cae nas súas mans unha carta escrita por Prometea Stoner, unha muller de familia acomodada propietaria dunha cadeira de rodas motorizada, unha saúde fráxil, toda unha lenda sobre as costas e unha vontade de ferro. As súas vidas non poden ser máis diferentes, pero ambas as dúas buscan a liberdade, a existencia e o recoñecemento que a sociedade lles negaba a elas e a todas as súas compañeiras.



7 DIFERENCIAS

Atopa as 7 diferencias que hai entre estas dúas imaxes... se podes?



Solucións para os pasatempos marcados cun * na derradeira páxina.

PASATEMPOS

SOPA DE LETRAS*

Nesta sopa de letras están agochadas 7 cousas que podes atopar na casa. Sodes capaces de atopalas?

a	l	v	s	i	o	n	d	o	f
t	e	l	e	v	i	s	i	o	n
u	k	o	p	a	x	r	i	x	o
q	r	i	a	l	a	e	f	a	x
a	l	f	o	m	b	r	a	t	i
x	e	n	r	e	d	i	ñ	o	m
d	t	a	b	s	o	u	i	w	a
u	e	l	i	a	v	r	c	i	n
p	g	a	l	x	i	d	a	h	t
u	i	ñ	o	i	z	o	s	u	a

ADIVIÑAS CON VOGAIS*

Xoquemos un pouco coa linguaxe...

Que animal leva no seu nome en castelán as cinco vogais?

Coñeces algunha profesión que o seu nome leve cinco oes?


E por último... Que país africano leva no seu nome as cinco vogais sen que se repitan?

E agora... para que non se che trabe a lingua, aquí vai un trabalinguas ben arrevesado

**Gancho, reviraganchó,
que tanto reviragancheache,
deixa que te desreviraganchee
con este desreviraganchiño
que teño para desreviraganchear
ganchos reviragancheados
nas pólas do carballal.**

LABIRINTO

Que tal se che dan os labirintos? Aquí deixamos o noso para que practiques e non che custe saír. Moita sorte!



ENIGMAS*

Ten ríos pero non ten auga, ten cidades pero non edificios e ten selvas pero non árbores... De que falamos?



Sabedes que estrela vese mellor polo día?

Sobre a mesa do laboratorio teño unha formiga, unha bolboreta e unha araña, cantas patas teño?

GALERÍA DE FOTOS

Grazas a tod@s polas vosas fotos!!!

Se queredes, podes seguir enviándonos fotos con libros ao noso correo biblioteca.infantilxjuvenil@dacoruna.gal.
Publicarémolas nas redes e no próximo número.



TORTA DE CHOCOLATE

A cociña, é outra cousa que nos gusta moito, por iso agora que temos tempo vos deixamos unha torta de chocolate (como non) para chupar os dedos.

INGREDIENTES

- 500 g de tona montada con azucre
- 1 prancha de biscoito
- 1 prancha de biscoito de chocolate
- 1 kg de "chocolate á cunca"
- 1 tarro de marmelada de amorodo



PASIÑO A PASIÑO

1. Estende a marmelada sobre unha das pranchas do biscoito
2. Logo ponlle a tona e esténdea por riba da marmelada
3. Despois monta o outro biscoito de chocolate sobre o anterior
4. E por último, cobre todo co chocolate (ou ponlle outra capa de tona antes da cobertura de chocolate)



SOLUCIÓN DOS PASATEMPOS

t	e	l	e	v	i	s	i	o	n	
						r				
					a					
a	l	f	o	m	b	r	a			
			r	e	d					m
		a	b	s		u				a
			i	a		c			n	
			l					h	t	
										a

Libro, mesa, televisión, armario, manta, ducha, alfombra

ADIVIÑAS CON VOGAIS

Que animal leva no seu nome en castelán as cinco vogais? **Murcielago**. Coñeces algunha profesión que o seu nome leve cinco oes? **Odontólogo**. E por último... Que país africano leva no seu nome as cinco vogais sen que se repitan? **Mozambique**

ENIGMAS

Ten ríos pero non ten auga, ten cidades pero non edificios e ten selvas pero non árbores... De que falamos? **Un mapa**. Sabedes que estrela vese mellor polo día? **O sol**. Sobre a mesa do laboratorio teño unha formiga, unha bolboreta e unha araña, cantas patas teño? **Ningunha, e patos tampouco**. Teño unha formiga, unha bolboreta e unha araña...